



Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro da Ría de Pontevedra  
Departamento de Exportadores. Edificio da Lonxa– Porto de MARÍN, 36900 MARÍN (PONTEVEDRA)  
CIF: G-36593606 Tífono. 886 21 30 15 [gacpontevedra@gmail.com](mailto:gacpontevedra@gmail.com)

**Asunto. Solicitude de oferta económica e técnica para prestación de servizo de asesoramento laboral, fiscal e contable.**

**Procedemento de contratación: Abreviado.**

**Importe máximo 9000 € + IVE**

O Grupo de Acción Local do Sector pesqueiro da Ría de Pontevedra foi recoñecido como entidade colaboradora coa Consellería do Mar para o desenvolvemento sostible das zonas de pesca no marco do fondo Europeo marítimo e da Pesca 2014 – 2020.

O GALP, en tanto que entidade que xestiona fondos públicos – cofinanciados pola Unión Europea – debe realizar os procedementos de contratación con suxeición a procedementos que sigan os principios que inspiran a lexislación vixente sobre contratación pública e se axusten aos Regulamentos Comunitarios de aplicación e ás orientacións da Comisión europea en relación co bo uso dos Fondos e a prevención do fraude.

O Grupo asino un convenio coa Consellería do Mar (Anexo 1) e con posterioridade unha addenda que estende o mesmo ás anualidades 2021 e 2022 en virtude dos que, segundo figura na cláusula vixésima, o Grupo deberá remitir un informe trimestral coa xustificación dos gastos subvencionables acompañado dun informe de auditoría que haberá de ser elaborado por un auditor externo, inscrito no ROAC. A elaboración destes informes require da presentación con anterioridade ao auditor da contabilidade do grupo. Ademais o Grupo está obrigado en función da cláusula décimo quinta, apartado 8, a levar unha contabilidade independente para os gastos subvencionados ao abeiro do FEMP e do convenio asinado.

Ademais, no relativo á contratación, a cláusula setima do Convenio de Colaboración establece as regras e principios xerais que rexerán en materia de contratación que é desenvolvido por diferentes instrucións ditadas con posterioridade. No intre actual está en vigor a Instrución nº 11 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro sobre os procedementos de contratación dos GALPs.

Por este motivo o Grupo solicita a súa mellor oferta para a asesoría laboral, fiscal e contable do GALP como entidade sen ánimo de lucro e colaboradora da Consellería do Mar para a xestión dos fondos FEMP.

A oferta deberá incluír tamén os custes de tramitación de certificados de non débedas diante da administración, a comunicación dixital coa administración tributaria e TGSS, tendo en conta que é fundamental para o Grupo na súa operativa estar permanentemente ao correndo coas administracións. Así mesmo deberá incluírse a elaboración e presentación das contas perante os rexistros pertinentes.





Departamento de Exportadores. Lonxa de Marín – Porto de MARÍN  
36900 MARÍN (PONTEVEDRA)

CIF: G-36593606

Tfno. 886 21 30 15



Na oferta deberá indicarse prazo de emisión da contabilidade unha vez sexa requirida polo grupo e remitida a información necesaria para a súa execución.

A oferta deberá conter unha estimación de todos os posibles custes ao longo do ano de forma que inclúa: custes mensuais, custes ordinarios de tramitación anual e poida estimarse o custe total anual do servizo.

#### **Criterios de adjudicación.**

- Prezo. Oferta máis económica, 60 puntos.
- Prazos axustados as obrigas do GALP e vantaxosos para a súa xestión: 10 puntos.
- Empresas do territorio: 30 puntos.

#### **Prazo de presentación das ofertas.**

O prazo máximo para a presentación de ofertas remata o 28 de febreiro.

#### **Prazo de prestación do servizo.**

Dende o 1 de marzo de 2021 ata o 1 de marzo de 2022.

Marín a 22 de febreiro de 2021

Asdo. Laura Nieto Zas  
Xerente do GALP Ría de Pontevedra